

AVALIACIÓN DE ESO. DEPARTAMENTO DE MÚSICA DO CPI A XUNQUEIRA

2º E 4º DE ESO

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN :

Utilizaranse os seguintes procedementos para avaliar ao alumnado:

- Como mínimo haberá unha proba escrita e dúas probas prácticas por trimestre no curso de 2º. Revisarase o traballo realizado nos cadernos e libretas.
- En 4º poderá haber unha proba escrita de linguaxe musical por trimestre e o alumnado realizará traballos de investigación individuais e/ou en grupo dos temas que correspondan. Tamén haberá como mínimo dúas probas prácticas.
- Recolleranse os datos e notas da observación diaria na ficha de avaliación do alumnado.
- A avaliación será continua e poderanse realizar recuperacións con traballos e probas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN :

- A observación de comportamentos e actitudes nas diversas actividades da materia.
- Cuestionarios orais e escritos.
- Probas escritas configuradas como síntese dos contidos máis significativos traballados no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Probas de práctica vocal, instrumental e/ou de danza.
- A observación do traballo diario.
- Traballos de investigación individuais ou de grupo.

Dispondremos de fichas de avaliación do alumnado que se irán cumplimentando cos datos a avaliar ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Da nota de avaliación un 20% corresponderá á actitude e traballo diario; un 40% ás probas, proxectos e traballos teóricos e o outro 40% ás probas de práctica vocal, instrumental e/ou de danza.

Valorarase positivamente a boa ortografía e presentación dos exercicios, traballos e probas.

3º ESO

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN :

Utilizaranse os seguintes procedementos para avaliar ao alumnado:

- Como mínimo haberá dúas probas prácticas por trimestre e poderá haber algunha proba escrita. Revisarase o traballo realizado nos cadernos e/ou libretas.
- O alumnado realizará traballos de investigación individuais e/ou en grupo dalgúns temas.
- Recolleranse os datos e notas da observación diaria na ficha de avaliación do alumnado.
- A avaliación será continua e poderanse realizar recuperacións con traballos e probas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN :

- A observación de comportamentos e actitudes nas diversas actividades da materia.
- Cuestionarios orais e escritos.
- Probas escritas configuradas como síntese dos contidos máis significativos traballados no proceso de ensinanza aprendizaxe.
- Probas de práctica vocal, instrumental e/ou de danza.

- A observación do traballo diario.
- Traballos de investigación individuais ou de grupo.
- Elaboracións multimedia.
- Proxectos individuais e grupais.
- Exposicións dos proxectos, debates e intervencións.
- Documentos gráficos e textuais (comentarios de audicións)
- Rúbricas.

Dispondremos de fichas de avaliación do alumnado que se irán cumplimentando cos datos a avaliar ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Para obter a nota de avaliación, valorarase nun 40% a avaliación dos indicadores de logro do Bloque 1, noutro 40% a avaliación dos indicadores dos outros tres Bloques e nun 20% o resultado das anotacións da observación diaria das actitudes e traballo na aula.

Valorarase positivamente a boa ortografía e presentación dos exercicios, traballos e probas.